

## Praza da Ferrería

**Chelo Lago**  
consuelo.lago@lavoz.es

## RADIO VOZ



A Orquesta de Cámara Lira participou no acto nos xardíns das Palmeiras



Isla retratou ó director da orquestra



Paqui Sánchez presenta Voces de Pontevedra

**Paqui Sánchez** entrevistará a una joven afectada de obesidad mórbida

# El rododendro Xohana Torres

*A editorial Galaxia plantou onte un arbusto en homenaxe á escritora compostelá. Medio Ambiente regalou especies autóctonas no Día da Árbore*

**Primavera do libro** ■ Un rododendro branco recorda á escritora **Xohana Torres** nos xardíns das Palmeiras. Onte foi plantado a iniciativa da editorial Galaxia dentro da festa A primavera do libro para celebrar a nova etapa da colección Árbore de literatura infantil. Unha placa co nome da escritora colocárase máis adiante ao pé do arbusto. **Xohana Torres** é unha das primeiras autoras para nenos. O seu libro *Polo mar van as sardiñas* foi o primeiro dunha colección coeditada conxuntamente polas tres comunidades históricas, Galicia, Cataluña e País Vasco nos anos sesenta, cando pensar en literatura infantil en galego era un soño, como suliñou **Neira Cruz**, director de Árbore.

**Iniciativa** ■ O director de Galaxia, **Victor F. Freixanes**, falou da intención da editorial de facer cada 21 de marzo un

acto similar ao celebrado en Pontevedra en outras vilas e cidades de Galicia, plantando distintas árbores adicadas aos autores. Pola súa banda, o concelleiro de Cultura, **Luis Bará**, alabou a iniciativa e resaltou o papel da Boa Vila como «cidade dos libros e dos nenos». Tamén destacou o compromiso do Concello «coa terra, coa nosa identidade, coa cultura e a literatura galega». No primeiro aniversario da guerra do Iraq, denunciou «a destrución e a barbarie» e tivo un recordo para as vítimas da masacre de Madrid e para a escritora **Luisa Villalta**, recentemente desaparecida.

**Asistentes** ■ No acto estiveron presentes o presidente de Galaxia **Xaime Isla Couto**, quen por certo pintou a man alzada un retrato do director da Orquesta de Cámara Lira que puso a nota musical, xunto con escritores e ilustrado-



Medio Ambiente repartiu onte árbores autóctonas

res, coma **Basilio Lourenzo**, **Xesús Rábade Paredes**, **Helena Villar Janeiro** e **Kiko da Silva**, entre outros, xunto con **Fausto Isorna**, diseñador da colección Árbore. Antes de plantar o rododendro Xohana Torres, una rapaza de Cambados, **Xulia Vidal Piñeiro**, leu unhas palabras da autora homenaxeada en representación dos lectores. Logo, todos quiseron botar terra no burato da árbore, incluídos algúns nenos que se sumaron ao acto.

**Día da árbore** ■ Por outra parte, a delegación de Medio Ambiente repartiu onte distintas especies autóctonas na súa sede de Benito Corbal. Durante toda a mañán, distribuíronse cerdeiras, acivros, castiñeiros, vidueiros e carballos para celebrar o Día da Árbore que se conmemora hoxe. Tamén se repartiron globos, lapis e pegatinas coa fecha e a celebración xunto cun díptico sobre o bosque galego, a súa vexetación e a súa fauna.

LA VOZ | PONTEVEDRA

■ El programa Voces de Pontevedra abordará mañana el problema de la obesidad mórbida. En el espacio, que se emite de 9 a 12 horas en el 93.1 de la FM, Paqui Sánchez entrevistará a Montserrat Longo, una joven que demandó al Sergas por no operarla de estómago, así como al cirujano Juan Carlos Rueda Chimento, especialista del Complejo Hospitalario de Pontevedra.

Por otro lado, esta tarde, a las 17 horas, Martiño Suárez retransmitirá el encuentro que enfrentará al Pontevedra CF con el Recreación de La Rioja.

**TRES EN RAYA**  
R. COSÍO

### Arte

ARTE Y naturaleza buscan cada vez más su punto de encuentro. Hasta el propio Concello de Sanxenxo recurrirá a futuros creadores para que aporten ideas con el fin de recuperar su litoral. Uno de los ejemplos más evidentes de esa conexión estaba en A Illa das Esculturas. Estaba. El recinto de A Xunqueira está máis degradado que nunca. Y eso que aquí la naturaleza era ya arte.



**renda**  
formación

@

FORMACIÓN DE VANGARDA

INFORMÁTICA - INTERNET - DISEÑO DE PÁXINAS WEB - DISEÑO GRÁFICO - MULTIMEDIA - DISEÑO TÉCNICO - ANIMACIÓN - XESTIÓN EMPRESARIAL - MECANOGRAFÍA - IDIOMAS - PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS - FORMACIÓN A EMPRESAS - CURSOS SUPERIORES ....

PONTEVEDRA: C/ Sagasta, 5. Entrep. - 986 896 930

[www.rendaformacion.com](http://www.rendaformacion.com)